

GOBIERNO CIVIL  
DE  
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES  
VECINALES EN MANO COMUN

S/F/E.

|           |             |
|-----------|-------------|
| N.º _____ | RF.º 5-11-2 |
|-----------|-------------|

Asistentes:  
Presidentes: Excmo. Sr. Don Joaquín Borrell  
Mestre. Gobernador Civil.

Vicepresidentes: Ilmo. Sr. Don Manuel Lan-  
deiro Piñeiro.

Vocales:  
Don José Vázquez Alvarez.  
Don José Casal Pereira.  
Don Ricardo García Borregón.  
Don Pedro Rial López.  
Don Manuel Currás Piñeiro.

Secretario:  
Don Manuel Ezquieta Fernández.

En la Ciudad de

Pontevedra, siendo las die-

cisiete treinta horas del

día veinticinco de noviem-

---oOo---

bre de mil novecientos -

ochenta y uno, con asistencia de los señores que al margen se expresan,

se reunió el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, con

objeto de estudiar la clasificación del monte que se indica, sito en el

término municipal de M O A Ñ A

, y



GOBIERNO CIVIL  
DE  
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES

E/F/E. VECINALES EN MANO COMÚN

Excmo. Sr. s

N.º

Pl.º 5-11-2

RESULTANDO: Que por la Administración Forestal han sido realizados expedientes de investigación de 3 montes radicados en el Ayuntamiento de MOAÑA entre los que figura el que se describe de la forma siguiente:

Nombre del monte: MONTE FARO AVELOSO.

Cabida: 460 Has.

Límites:

Norte: Término municipal de Marín.

Este: Montes de Domayo.

Sur: Fincas particulares de Meira y Domayo.

Oeste: Fincas particulares y montes de Moaña.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 15 octubre de 1980 se acordó iniciar los trámites para la clasificación de 3 montes radicados en el Ayuntamiento de Moaña.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Sr. Registrador de la Propiedad de Pontevedra la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente propuesta.

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de Moaña, así como a todos los vecinos interesados en el monte, y que se publicó a estos efectos en el Boletín Oficial de la Provincia núm. 246 de fecha 22.10.1980 concediéndose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que ni el Ayuntamiento ni la Cámara Agraria Local de Moaña se han personado en los expedientes.

RESULTANDO: Que las Comunidades Vecinales se han personado en los expedientes con arreglo al siguiente detalle:

- a) La de Domayo por medio del Presidente de la Junta Provisional aportando fotocopias de documentos que obran en el Archivo Histórico y en el de la Diputación, que justifican antecedentes de los siglos XVIII y XIX, sobre el carácter comunal de los montes de esta parroquia.
- b) Los de Meira por medio del Presidente de la Cámara, vocal de la misma y otros vecinos aportan fotocopias sobre documentación antigua que se refiere a antecedentes del carácter comunal de los montes, e interesan la clasificación de los montes de la parroquia como de mano común. Plantean una cuestión de límites que supone discutir unas 175 Has. entre las parroquias de Meira y Domayo.

RESULTANDO: Que en la relación de montes exceptuados de la desamortización del año 1847 figuran los montes de Moaña por motivo de ser montes del común.

RESULTANDO: Que no hay antecedentes que permitan definir los lindes de las parroquias de Meira y Domayo.



GOBIERNO CIVIL  
DE  
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES  
VECINALES EN MANO COMÚN

N.º

Rf.º 5-11-2

V I S T O S: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 11 de noviembre de 1980 y el Reglamento aprobado por Decreto 569/1970 de 26 de febrero; la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de 11 de noviembre de 1980 de Montes Vecinales en Mano Común incluye como tales a aquellos montes que con independencia de su origen vengan aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que el artículo 3º del Reglamento de 26 de febrero de 1970 establece que no será obstáculo para su clasificación como vecinales en mano común el que esos montes estén incluidos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de diferente titularidad.

CONSIDERANDO: A mayor abundamiento, que tales inscripciones e inclusiones a favor de los Ayuntamientos fueron debidas en gran parte a la necesidad de que tales montes fuesen inscritos en los correspondientes registros y la única Entidad con personalidad jurídica era el propio Ayuntamiento, por lo que las inscripciones fueron efectuadas a su nombre, como única Entidad que ostentaba la representación de los vecinos.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar la situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos de vecindad existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anomalía, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos, con sujeción al régimen jurídico que establecen los artículos 2 y 38 del Reglamento de 26 de febrero de 1970, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.

CONSIDERANDO: Que hay montes del común en las parroquias de Domayo y Meira, pero sin que existan antecedentes para poder definir los linderos entre ellas.



GOBIERNO CIVIL  
DE  
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES  
VECINALES EN MANO COMUN

N.º

R.º 5-11-2

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Ma  
no Común, acuerda

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO  
COMUN EL MONTE DENOMINADO MONTES FARO AVELOSO


TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL PRIMER RESULTANDO DE ESTA RESOLUCION, CO  
MO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE LA PARROQUIA DE MEIRA

DE MOAÑA

DEL TERMINO MUNICIPAL  
POR REUNIR LOS REQUISITO  
S EXIGIDOS POR EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO DEL REGLAMEN  
TO DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN.

La presente RESOLUCION podrá ser impugnada ante la Jurisdic  
ción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa ante la  
Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el  
plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el  
plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLU  
CION.

Y para que conste, surta efectos y en cumplimiento de lo  
dispuesto en el parrafo segundo del artículo veinticuatro del Regla  
mento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESO  
LUCION por los miembros del Jurado que asistieron a la sesión.



Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo.

E para que lle sirva de notificación á empresa *Aislamientos Molina, S.L.*, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e coa advertencia de que as seguintes notificacións se farán nos estrados do xulgado, agás as que sexan emplacements, autos e sentenzas, expido e asínoo esta cédula de notificación na Coruña o 9 de decembro de 2008.

María Jesús Hernando Areans  
Secretaría xudicial

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Cédula do 16 de decembro de 2008, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se lles dá audiencia aos interesados no procedemento de baixa da autorización turística dos establecementos que se relacionan.*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, notifícase e outórgaselles audiencia aos titulares dos establecementos relacionados, no procedemento de baixa de autorización e cancelación da inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os titulares dispoñen dun prazo de 15 días para facer as alegacións que consideren pertinentes e poden examinar os expedientes e obter copias dos documentos contidos neles na Delegación Provincial de Ourense.

Ourense, 16 de decembro de 2008.

Xosé Antón Jardón Dacal  
Delegado provincial de Ourense

#### ANEXO

Establecemento: Café-Bar Ninfas.  
Titular: Antonio Barredo López.

Enderezo: Paseo do Malecón.  
Concello: O Barco de Valdeorras.

Establecemento: Café-Bar Vilela.  
Titular: Jaime Colmenero Álvarez.  
Enderezo: Vilela, nº 6.  
Concello: Cualedro.

Establecemento: Café-Bar Sabor Latino.  
Titular: *Sabor Latino Ourense, S.C.*  
Enderezo: estrada de Vigo-Untes.  
Concello: Ourense.

Establecemento: Café-Bar Segredo Don Antón.  
Titular: José Antonio Vázquez Vázquez.  
Enderezo: r/ Marcelo Macías, nº 45.  
Concello: Ourense.

Establecemento: Café-Bar La Fiera Mosca.  
Titular: Manuel Gregorio Murillo González.  
Enderezo: r/ Marcelo Macías, nº 54.  
Concello: Ourense.

Establecemento: Café-Bar Phoenix.  
Titular: Benjamín Ribao Álvarez.  
Enderezo: estrada da Granxa, nº 15.  
Concello: Ourense.

Establecemento: Restaurante Segredo Don Antón.  
Titular: José Antonio Vázquez Vázquez.  
Enderezo: r/ Marcelo Macías, nº 45.  
Concello: Ourense.

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Edicto do 2 de decembro de 2008, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se resolven os recursos de reposición interpostos polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (Servizo Provincial de Costas) e o Ministerio de Fomento (Porto de Vigo), contra a Resolución do 24 de abril de 2008.*

En cumprimento do disposto no artigo 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise constar que:

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte resolución:

Asistentes.

Presidente: Gonzalo Constenla Bergueiro (delegado provincial da Consellería do Medio Rural).

Vogais:

Víctor Abelleira Argibay (avogado polo colexio da provincia).

Mª Jesús Novoa Suárez (letrada da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia).

Jesús de la Fuente Villar (xefe do Servizo de MIF).

Secretaria: Ana B. Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, ás dezasete horas do día vinte e seis de novembro do dous mil oito, coa asistencia das persoas indicadas, reúnese, na 4ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir sobre os recursos de reposición interpostos polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (Servizo Provincial de Costas de Pontevedra) e polo Ministerio de Fomento (Porto de Vigo) contra a resolución adoptada polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra con data do 24 de abril de 2008.

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Con data do 8-2-2006, Valentín Piñeiro González, na súa condición de presidente da CMVMC de Meira, do concello de Moaña, presenta perante o Xurado Provincial de Montes solicitude que insta a clasificación do monte Canteira da Laxe como veciñal en man común a favor da devandita comunidade.

Segundo.-Na reunión realizada polo xurado con data do 24-4-2008 acordouse clasificar como veciñal en man común o monte Canteira da Laxe, a prol da CMVMC de Meira, do concello de Moaña, ao se producir o silencio administrativo positivo por transcorrer o prazo legalmente establecido de 1 ano para a resolución deste expediente.

Terceiro.-Contra esta resolución, o Servizo Provincial de Costas e o Porto de Vigo, dependente do Ministerio de Fomento, formulan recurso de reposición, que se dá por reproducido e que consta no expediente.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para resolver os recursos de reposición contra as súas resolucións de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992.

Segundo.-Procede admitir a trámite os recursos de reposición interpostos por cumprir cos requisitos exixidos polo artigo 117.1º da precitada lei.

Terceiro.-Da análise dos recursos interpostos polo Servizo Provincial de Costas e polo Porto de Vigo

cómpre salientar que levan razón os recurrentes, no senso de quedar excluído do silencio positivo aqueles supostos cuxa estimación tiver como consecuencia que se transfiran ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, casos en que o silencio terá efecto desestimatorio. Queda acreditado que parte da parcela Canteira da Laxe, se atopa dentro do dominio público marítimo-terrestre.

En consecuencia, vistos os preceptos legais citados e demais normativa de xeral e pertinente aplicación, o Xurado de Montes de Pontevedra acorda:

Estimar os recursos de reposición interpostos polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (Servizo Provincial de Costas) e polo Ministerio de Fomento (Porto de Vigo) e, xa que logo, revogar o acordo adoptado por este xurado na sesión do 24-4-2008, clasificar o mencionado monte Canteira da Laxe como veciñal en man común a favor da devandita CMVMC de Meira, correspondendo coa planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, que forma parte inseparable desta resolución, e a descrición e cabida seguintes:

Concello: Moaña.

Superficie: 11.254 m².

Lindeiros:

Norte: predios particulares de Milagros Portela, Camila Gutiérrez, Olga Currás, Amalia Currás, Pedro Alves e outros.

Sur: dominio marítimo-terrestre.

Leste: dominio marítimo-terrestre.

Oeste: concello de Moaña.

Contra esta resolución que lle pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 a) e 116.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Pontevedra, 2 de decembro de 2008.

Gonzalo Constenla Bergueiro  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

JD: 2836-A  
P: 15/03

|                                                                                   |                                            |                      |
|-----------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|----------------------|
|  | <b>CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE</b>       |                      |
|                                                                                   | Delegación Provincial<br>Benito Corbal, 47 |                      |
|                                                                                   | 36071 - PONTEVEDRA                         |                      |
| Data                                                                              | 13/05/04                                   | Referencia S° MONTES |

|                                                          |                                                                                |
|----------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|
| Asunto                                                   | Destinatario                                                                   |
| Rtdo. informe<br>PERMUTA 15/03<br>CMVMC de Meira - Moaña | D <sup>a</sup> . Belén Raposo Pérez<br>C/ Andrés Mellado, 13 - 2<br>Pontevedra |

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE  
Delegación Provincial PONTEVEDRA  
REGISTRO AUXILIAR

DATA 20 MAI 2004

Núm. Rexistro ..... 3571

SAIDA


Cumprimentando o ordeado polo vixente Regulamento de Montes Veciñais en Man Común , e visto o informe do enxeñeiro técnico forestal do distrito Caldas – O Salnés, este Servicio **informa favorablemente** á permuta de terreo entre unha parcela de 5.498 m<sup>2</sup>, propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Meira, lugar de Couso, e as parcelas “Aguieiras”, “Aguieiras ou Bouza dos Castaños” e “Campo Redondo”, todas elas propiedade da empresa Excavaciones y Conducciones de Galicia S.L.

Signifícase que de conformidade co artigo 8 de Lei 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o artigo 9 do decreto 260 /92 do 4 de setembro polo que se aproba o regulamento de dita Lei “ o presidente da Comunidade de Montes Veciñais dará traslado nun prazo de dous meses ó Rexistro de Montes Veciñais en Man Común da permuta acompañando unha copia auténtica do documento público do contrato da permuta e o plano topográfico das parcelas que se permutan.

O xefe do Servicio de Montes



Manuel Francisco Gutiérrez



Nº DA FOLLA  
223-24  
223-34

OBSERVACIONS :  
Os límites do monte (en verde) son os correspondentes 6 croquis\* da clasificación (E:1/25000). Non poderan entrar en contradición coa descrición literal dos mesmos.  
\*croquis: documentación gráfica sen carácter métrico.

AUTOR : SECCION TOPOGRAFIA  
SUPERFICIES EN TRAMITES DE CLASIFICACIÓN  
C.M.V.M.C. DE MEIRA

DATA : DEC.-2.003  
ESCALA : 1/10.000

TRABALLO : PERMUTA DE PARCELAS  
CONCELLO : MOAÑA  
COMUNIDADE : MEIRA  
PARROQUIA : MEIRA

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE  
SERVICIO DE MONTES-DELEGACION DE PONTEVEDRA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Delegación Provincial  
Benito Corbal, nº 47  
Pontevedra

27/07/2007

Xefe de Servizo




ID:2836\_B

P:20/05

Permuta P20/05  
Comunidade de Montes de Meira

Subdirección Xeral de Recursos  
Forestais  
San Lázaro, S/N  
SANTIAGO



Achégolle copia do expediente de permuta entre a CMVMc de Meira e Juan Antonio Rodriguez Martínez, que foi informada desfavorablemente no seu día por este Servizo, e desestimado o correspondente recurso de alzada.

Que revisado ó expediente e consultado o Distrito XIX Caldas – O Salnés (achégase copia do informe) constátase que a finca aportada por D. Juan Antonio Rodríguez Martínez “Xestal da Ribeira” non forma parte do monte clasificado a favor da CMVMC de Meira, encontrándose a parcela rodeada dun antigo muro.

Que en base o novo informe, este Servizo estima as alegacións feitas no seu día polo particular e informa favorablemente a referida permuta.

O xefe do Servizo de Montes  
e Industrias Forestais,




Jesús de la Fuente Villar.

[illegible]

## PLANO DE SITUACIÓN

ESCALA.....1/5.000



**SITUACIÓN:**

LOURIDO Nº74-A - MEIRA - MOAÑA

PETICIONARIO:

JUAN ANTONIO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ E ADELINA PIÑEIRO PÉREZ

Francisco Díaz Juncal

PLANO:

## SUPERFICIE E LINDES

Data:

Marzo de 2005


Plano nº:

2/2

Escala:

1/400

1/400




IOAÑA

EZ

Escala:

1/500





AUTOR : SECCION TOPOGRAFIA

DATA : MAYO-06

TRABALLO : SOLICITUDE PERMUTA 20/05

clasificación  
dos mesmos.

MOAÑA

PARROQUIA : MEIRA

ZONA SUR



5212. Comercio polo miúdo doutros produtos en establecementos non especializados.

52122. Outro comercio polo miúdo en establecementos non especializados.

522. Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados.

5221. Comercio polo miúdo de froitas e verduras.

5222. Comercio polo miúdo de carne e produtos cárnicos.

5223. Comercio polo miúdo de peixe e mariscos.

5224. Comercio polo miúdo de pan e produtos de panadaría, confeitaría e pastelería.

5225. Comercio polo miúdo de bebidas.

5226. Comercio polo miúdo de produtos de tabaco.

5227. Comercio polo miúdo en establecementos especializados en alimentos.

52271. Comercio polo miúdo de produtos lácteos.

52272. Outro comercio polo miúdo en establecementos especializados en alimentación.

523. Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene.

5231. Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos.

5232. Comercio polo miúdo de artigos médicos e ortopédicos.

5233. Comercio polo miúdo de cosméticos e artigos de tocador.

524. Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados.

5241. Comercio polo miúdo de téxtiles.

5242. Comercio polo miúdo de roupa de vestir.

5243. Comercio polo miúdo de calzado e artigos de coiro.

5244. Comercio polo miúdo de moblaxe: aparellos de iluminación e outros artigos para o fogar.

5245. Comercio polo miúdo de electrodomésticos, aparellos de radio, televisión e son.

5246. Comercio polo miúdo de ferraxaría, pinturas e vidro.

52461. Comercio polo miúdo de ferraxaría e vidro plano.

52462. Comercio polo miúdo de materiais e bricolaxe.

52463. Comercio polo miúdo de materiais de construción, pinturas e vernices e material de saneamento.

5247. Comercio polo miúdo de libros, periódicos e papelería.

5248. Comercio polo miúdo en establecementos especializados.

52481. Comercio polo miúdo de óptica, fotografía e precisión.

52482. Comercio polo miúdo de reloxaría, xoiaría e prataría.

52483. Comercio polo miúdo de xoguetes e artigos de deporte.

52484. Comercio polo miúdo de artigos de drogaxaría, papeis pintados e revestimentos de solos.

52485. Comercio polo miúdo de sementes, flores e animais de compañía.

52486. Comercio polo miúdo de combustibles (agás para vehículos automóbiles).

52487. Galerías de arte comerciais.

52488. Outro comercio polo miúdo.

525. Comercio polo miúdo de bens de segunda man, en establecementos.

5250. Comercio polo miúdo de bens de segunda man, en establecementos.

52501. Anticuarios.

52502. Outro comercio polo miúdo de obxectos de segunda man.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 6 de marzo de 2008 pola que se aproba o deslindamento parcial entre os montes veciñais en man común de Domaio e Faro Aveloso, no concello de Moaña (Pontevedra), pertencentes ás comunidades de montes dos veciños de Domaio e Meira.*

Examinado o expediente de deslindamento parcial entre os montes veciñais en man común de Domaio e Faro Aveloso, no concello de Moaña (Pontevedra), pertencentes ás comunidades de montes dos veciños de Domaio e Meira, e tendo en conta os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Os montes de Domaio foron clasificados como montes veciñais en man común, de propiedade dos veciños da parroquia de Domaio, no concello de Moaña, por resolución do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra do 25 de novembro de 1981.

Segundo.-O monte Faro Aveloso clasificouse como monte veciñal en man común de propiedade dos veciños da parroquia de Meira, no concello de Moaña, por resolución do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra do 25 de novembro de 1981.

Terceiro.-A sentenza do Xulgado de Primeira Instancia número dous de Pontevedra, do 4 de xullo de 1991, sobre autos 543/89 de terzaría de dominio, resolveu que a parcela Borna forma parte dos montes pertencentes á parroquia de Meira, sentenza que foi confirmada pola Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra do 20 de abril de 1992.

Cuarto.-No *Diario Oficial de Galicia* do 21 de febreiro de 1996 publicouse a orde da Consellería de Agricultura, Ganadería e Montes, do 5 de febreiro de 1996, pola que se dispón:

-Aprobar o deslindamento parcial entre os montes veciñais en man común Xaxán e outros e Faro e outros, pertencentes ás parroquias de Domaio e Meira desde o piquete 1 ao 33.

-Anular o deslindamento tramitado desde o piquete 33 ata o final do linde dos montes, retrotraendo o expediente, no que afecta a este último tramo, ao momento do deslindamento, tendo en conta a sentenza do Xulgado de Primeira Instancia número dous sobre terzaría de dominio 543/1989 de Pontevedra.

Quinto.-O 27 de febreiro de 2001, a comunidade de Meira solicitou do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra a clasificación de dez parcelas máis.

Con data do 28 de abril de 2004 o xurado resolve clasificar como monte veciñal en man común as parcelas nº 5 e nº 7, a favor da comunidade veciñal de Meira, e denegar a clasificación das parcelas nº 1, 4, 6, 8, 9 e 10.

Posteriormente, con data do 15 de decembro de 2004, a raíz da estimación parcial do recurso de reposición interposto pola comunidade contra a resolución do xurado, clasificáronse tamén as parcelas nº 6 e parte da nº 9 recoñecida de titularidade da comunidade pola sentenza ditada na terzaría de dominio 543/1989, do Xulgado de Primeira Instancia número dous de Pontevedra, e confirmada pola Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra, do 20 de abril de 1992.

Sexto.-O 4 de novembro de 2005 publicouse no *Diario Oficial de Galicia*, edicto polo que se anunciaba a continuación do deslindamento parcial, para lle dar cumprimento ao establecido no punto segundo da orde da Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes do 5 de febreiro de 1996, isto é, para proceder ao deslindamento desde o piquete 33 ata o final do linde dos montes.

O 7 de novembro de 2005 notificóuselle persoalmente ao alcalde do Concello de Moaña e aos presidentes das comunidades de montes de Domaio e Meira.

O 8 de novembro de 2005 solicitóuselle ao Concello de Moaña a súa publicación no taboleiro de anuncios durante tres meses. O secretario do Concello de Moaña certificou a súa exposición con data do 24 de febreiro de 2005.

Sétimo.-O 2 de febreiro de 2006, o Gabinete Xurídico Territorial da Delegación de Presidencia en Pontevedra emitiu o informe sobre a documentación presentada en prazo por Belén Raposo Pérez, en representación da comunidade de Meira, e Juan Santos Gómez, en representación da comunidade de Domaio, de acordo co establecido no artigo 100 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes, informe que foi emitido o 2 de febreiro de 2006.

O 24 de febreiro de 2006, o enxeñeiro operador emitiu informe sobre recoñecemento e clasificación de predios ou dereitos, que foi aprobado polo xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra con data do 28 de marzo de 2006.

Oitavo.-O deslindamento en campo iniciouse o 28 de febreiro de 2006 e concluíu o 4 de abril dese mesmo ano, e o enxeñeiro operador emitiu o correspondente informe, con data do 12 de xuño de 2006.

Noveno.-Mediante Edicto do 29 de maio de 2006, da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 29 de xuño de 2006, abriuse período de vista do expediente e notificóuselles ao concello e ás comunidades de montes de Domaio e Meira, de conformidade co artigo 120 do Regulamento de montes.

As reclamacións presentadas polos representantes das comunidades foron remitidas ao Gabinete Xurídico Territorial para ser sometidas a informe polo letrado, de acordo co disposto no artigo 122 do citado regulamento.

Décimo.-Con data do 12 de abril de 2006 solicitouse do Rexistro da Propiedade de Cangas que se expedisen as anotacións sobre o acordo de deslindamento á marxe das inscricións de dominio dos montes de Domaio e Meira.

Décimo primeiro.-O 18 de outubro de 2006, o gabinete emitiu informe sobre as reclamacións presentadas, do que se lles de traslado ás comunidades para que, de acordo co artigo 124 do Regulamento de montes, manifestasen se accedían ou non ás pretensións.

O 17 de novembro de 2006 tivo entrada no rexistro da Consellería de Presidencia informe da comunidade de montes de Domaio no cal manifestaba a súa total oposición ás pretensións da comunidade de montes de Meira.

O 20 de novembro de 2006 recibíuse informe da comunidade de montes de Meira amosando a súa desconformidade coa proposta do enxeñeiro operador e coa liña proposta pola comunidade de Domaio.

Décimo segundo.-Con data do 30 de outubro de 2007, o xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra emite informe-proposta sobre o deslindamento parcial dos montes de

Domaio e Faro Aveloso e remíteos á Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais que, mediante escrito do 6 de febreiro de 2008, emite informe favorable no sentido proposto polo xefe do servizo da delegación provincial.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-De acordo co disposto nos reais decretos 167/1981, do 9 de xaneiro; 1706/1982, do 24 de xullo, e 1535/1984, do 20 de xuño, sobre transferencias de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza; no Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e no Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, o conselleiro do Medio Rural é competente para ditar esta orde.

Segundo.-O Servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra é competente para levar adiante o devandito deslindamento, cumpridas todas as prescricións legais en canto á publicidade, notificación e demais requisitos exixidos nos artigos 82 ao 125 do Regulamento de montes aprobado polo Decreto 485/1962, do 22 de febreiro.

Terceiro.-As resolucións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común atribúenlles a propiedade destas ás comunidades veciñais, mentres non exista sentenza firme en contra, ditada pola xurisdición ordinaria, segundo determina o artigo 30 do Decreto 260/1992, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Tendo en conta os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, e o informe-proposta do xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais,

#### *DISPÓN:*

Primeiro.-Aprobar o deslindamento parcial dos montes de Domaio, no termo municipal de Moaña, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Domaio, de acordo coas actas, rexistro topográfico e plano que figuran no expediente, sen que na zona deslindada se alterasen os lindes establecidos na súa clasificación. Queda o monte coa descrición seguinte:

Provincia: Pontevedra.

Nome do monte: montes de Domaio.

Termo Municipal: Moaña.

Pertenza: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Domaio.

Lindes:

Norte: termo municipal de Marín.

Leste: termo municipal de Vilaboa.

Sur: ría de Vigo e predios particulares.

Oeste: termo e montes da parroquia de Meira.

Descrición de lindeiros.

Comeza o lindeiro oeste no marco 43, situado no linde norte do dominio público da estrada PO-551 de Vilaboa a Moaña. Avanza en dirección noroeste ata o marco 42, situado no fondo da valgada.

Desde este avanza en dirección norte ao longo dos marcos 41, 40 e 40', seguindo o fondo da valgada citada ata acadar o límite sur do dominio público da vía de alta capacidade do Morrazo, onde se interrompe a liña de deslindamento para continuar, unha vez superado este, no marco 39', situado no linde norte deste dominio.

Desde este marco avanza en dirección norte ao longo dos marcos 39 e 38', onde acada o muro que separa a Cavada de Bertolo.

Segue a aliñación marcada por este muro ata o marco 38, onde se separa del, avanzando en dirección norte ata o marco 37, situado non fondo da valgada de Rego das Sachas.

Desde este marco avanza dirección nordeste, seguindo o fondo da valgada citada, pasando polo marco 36 ata o marco 35, onde cambia a súa dirección ao norte, pasando polo marco 34, e deste, ao marco 33 seguindo aliñacións rectas.

Neste punto enlaza co deslindamento aprobado por orde da Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes, do 5 de febreiro de 1996, onde conclúe o deslindamento.

Lindeiro: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Meira.

Encravados: non procede.

Cabidas: xa que é un deslindamento parcial non pechado, non procede a determinación de cabidas.

Segundo.-Aprobar o deslindamento parcial do monte Faro Aveloso, termo municipal de Moaña, provincia de Pontevedra, propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Meira, de acordo co rexistro topográfico e plano que figuran no expediente sen que na zona deslindada se alterasen os lindes establecidos na súa clasificación. Queda o monte coa seguinte descrición:

Provincia: Pontevedra.

Nome do monte: monte Faro Aveloso.

Termo municipal: Moaña.

Pertenza: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Meira.

-Parcela principal.

Lindes:

Norte: termo municipal de Marín.

Sur: predios particulares de Meira e Domaio.

Leste: montes de Domaio.

Oeste: predios particulares e montes de Moaña.

-Parcela 5.1.

Superficie: 8.500 m<sup>2</sup> aproximadamente.

Lindes:

Norte: río de Caegua.

Sur: muro que o separa de predios particulares de Jesús Nogueira e a canteira do Cocho.

Leste: estrada Cangas a Vilaboa.

Oeste: ría de Vigo.

Parcela 5.2.

Superficie: 2.850 m<sup>2</sup> aproximadamente.

Lindes:

Norte: predios particulares de Enrique Piñeiro Martínez.

Sur: predios particulares de Cristina Sánchez Martínez.

Leste: camiño.

Oeste: estrada PO-551.

-Parcela 5.3.

Superficie: 1.850 m<sup>2</sup> aproximadamente.

Lindes:

Norte: camiño.

Sur: camiño.

Leste: predios particulares de Lidia Argibay.

Oeste: camiño.

-Parcela 6.

Superficie: 3.500 m<sup>2</sup> aproximadamente.

Lindes:

Norte: predios particulares de Manuel Santomé.

Sur: estrada ao peirao da Guía.

Leste: Conservas A Guía.

Oeste: estrada ao peirao da Guía e zona marítimo-terrestre

Parcela 7.

Superficie: 4.750 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: muro que separa de predios particulares de M<sup>a</sup> Jesús González Barcia.

Sur: camiño.

Leste: estrada ao centro de primaria e predios particulares de María del Río Santiago, Alicia López Barros e Jesús González Nogueira.

Oeste: muro que a separa da canteira do Cocho.

-Parcela 9.

Superficie: 10.050 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: estrada de Moaña a Vilaboa.

Sur: estrada de acceso a Rodman e Latón.

Leste: propietario(s) descoñecido(s).

Oeste: predios particulares de herdeiros de Pedro Arizaga.

Descrición de lindeiros.

Comeza o deslindamento no marco 33, onde enlaza co deslindamento aprobado por orde da Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes do 5 de febreiro de 1996. Desde alí avanza cara ao sur pasando polo marco 34 ata acadar o marco 35 seguindo aliñacións rectas.

Desde este marco avanza en dirección suroeste seguindo o fondo da valgada de Rego das Sachas, pasando polo marco 36 ata o marco 37, situado igualmente no fondo da valgada citada.

Avanza en dirección sur ata o marco 38 onde acada o muro que separa a Cavada de Bertolo. Segue a dirección marcada por este muro ata o marco 38', onde se separa del, avanzando en dirección sur ao longo dos marcos 39 e 39'.

Este último marco está situado no linde norte do dominio público da vía de alta capacidade do Morrazo, onde se interrompe a liña de deslindamento, para continuar, unha vez superado este, no marco 40' situado no sur do citado dominio, en fondo de valgada.

Avánzase en dirección sur ao longo dos marcos 40, 41 e 42 situados en fondo de valgada.

Avanza en dirección sur este ata o marco 43, situado no linde norte do dominio público da estrada PO 551 de Vilaboa a Moaña, onde conclúe este deslindamento.

Lindeiro: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Domaio.

Encravados: non procede.

Cabidas: xa que é un deslindamento parcial, non pechado, non procede a determinación de cabidas.

Terceiro.-Denegar as reclamacións formuladas pola comunidade de Meira agás a referida ao linde sur do monte Faro Aveloso.

Denegar as alegacións presentadas pola comunidade de Domaio relativas ao deslindamento con propiedades privadas.

Cuarto.-Declarar, expresamente, que no referente ás reclamacións de propiedade, esta resolución esgota a vía administrativa e queda expedita a xudicial civil.

Quinto.-Que se notifiquen os novos datos resultantes da descrición do monte ao Rexistro Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra.

Sexto.-Que se inmatricule o monte coas características resultantes no rexistro da propiedade.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición con carácter potestativo ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2008.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

*Orde do 6 de marzo de 2008 pola que se aproba o deslindamento parcial do monte veciñal en man común de Novelúa, no concello de Monterroso (Lugo), pertencente á comunidade de montes dos veciños de Novelúa.*

Examinado o expediente de deslindamento do monte veciñal en man común de Novelúa, no concello de Monterroso (Lugo), pertencente á comunidade de montes dos veciños de Novelúa, e tendo en conta os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro.-O 6 de xullo de 1995, a Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes aproba a práctica do deslindamento e colocación de marcas parcial do monte veciñal en man común monte de Novelúa pertencente á comunidade veciñal de Novelúa, na súa estrema coa parroquia de Salgueiros de Monterroso, conforme o disposto nos artigos 96 e 97 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes.

O 22 de novembro de 2005, o Xulgado do Contencioso-Administrativo número tres da Coruña ditou sentenza estimatoria parcial do recurso administrativo nº 4455/2000 interposto por Carlos Río Mourín e outros (Comunidade de Montes Veciñais en Man

Común, en diante CMVMC, de Novelúa) contra a inactividade da Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes, no expediente de deslindamento e colocación de marcas do monte veciñal da parroquia de Novelúa e de Salgueiros de Monterroso, acordado pola Consellería de Agricultura o 6 de xullo de 1995, condenando a Administración demandada a que procedese á práctica do antedito deslindamento.

O 7 de marzo de 2006, a Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declara firme a anterior sentenza, e condena a Administración demandada a que proceda a practicar o referido deslindamento e colocación de marcas no prazo de seis meses a partir da data da sinatura da sentenza.

Segundo.-En cumprimento das anteditas sentenzas, mediante o Edicto do 26 de novembro de 2006, da Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural en Lugo (publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 7 de decembro de 2006), anúnciase o comezo das operacións do deslindamento e sinálase como data de inicio das operacións de deslindamento o 15 de febreiro de 2007, ás 10.00 horas da mañá, no lugar denominado Pena Castrela.

O Servizo de Montes e Industrias Forestais tamén procedeu á notificación aos interesados con enderezo coñecido.

Terceiro.-Durante o prazo de presentación de documentación recibíuse e incluíuse no expediente de deslindamento parcial do monte veciñal en man común Novelúa o seguinte:

a) Escrito de Carlos Río Mourín, presidente da comunidade de Novelúa, xunto coa seguinte documentación:

-Contestación á demanda, presentada polos veciños de Salgueiros perante a Sección Segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con informe pericial.

-Estudo multidisciplinar de historia, realizado pola arqueóloga Nieves Amado Rolán, sobre o deslindamento entre as parroquias de Novelúa e Salgueiros.

b) Escrito de Ángel Sánchez Rogel e Manuel Pacín Seijas ao cal anexan a seguinte documentación:

Por parte de Ángel Sánchez:

-Cédula parcelaria da parcela 20 do polígono 25 do catastro de Monterroso.

-No nome de Antonio González Martínez, datos do SIXPAC das seguintes titularidades: parcelas 46, 29 e 53 do polígono 24, parcela 23 do polígono 25.

Por parte de Manuel Pacín: datos do SIXPAC da parcela 14 do polígono 24 e da parcela 22 do polígono 25.

c) Escrito de José Vázquez López xunto coa documentación dun monte da súa propiedade, así como